

DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

Número 42/2021

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA CORUÑA EN MATERIA DE ANÁLISE E DEFINICIÓN DE PROXECTOS TIC (TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DAS COMUNICACIÓN) E DE TRANSFORMACIÓN DIXITAL DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

Na Coruña, a 7 de mayo de 2021

REUNIDOS

Dunha parte, dona Inés Rey García, alcadesa-presidenta do Concello da Coruña, actuando en virtude das súas facultades, segundo o establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia.

Doutra parte, don Valentín González Formoso, en calidade de presidente da Deputación Provincial da Coruña, en representación da mesma e de conformidade coas atribucións que lle confire a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, teñen atribuídas e

MANIFESTAN

I.- Que a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña, de mutuo acordo, consideran de grande interese colaborar na análise e definición dun proxecto conxunto para avaliar a creación dun Centro de innovación e servizos dixitais para a transformación da administración local, no que tamén poidan participar outras entidades da provincia, coa finalidade última de elaborar un proxecto de TIC como candidatura para presentar de cara á obtención dos fondos económicos do programa Next Generation da Unión Europea (UE), enmarcado no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia “España Pode” e dentro do marco España Dixital 2025, Estratexia Galicia Dixital 2030 e das respectivas Axendas Dixitais e proxectos TIC das diferentes entidades participantes.

II.- Que a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña desexan contar coa súa cooperación mutua e coa experiencia dos seus equipos humanos para avaliar a posibilidade de coordinar os seus principais proxectos tecnolóxicos en materia das

TIC e de transformación dixital da administración local, coa finalidade de definir un proxecto conxunto como candidatura.

III.- Que, conforme ao artigo 137 da Constitución española (CE), o Estado organízase territorialmente en municipios, en provincias e nas comunidades autónomas que se constitúan, entidades todas estas que gozan de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses. Que, segundo o artigo 140 da CE, a Constitución garante a autonomía dos municipios, que gozarán de personalidade xurídica plena. Que, de conformidade co artigo 11.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os concellos son entidades locais básicas da organización territorial do Estado, con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

Que a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña dispoñen das súas competencias propias en materia de promoción das tecnoloxías da información e da comunicación así como de potestades de autoorganización.

Que o proxecto conxunto definiríase tendo en conta que, nalgún momento, outros concellos e entidades poderían incorporarse ao mesmo.

IV.- Que a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña están de acordo en que esta iniciativa sería moi positiva. Comparten a idea de que cabe unha acción coordinada de ambas as dúas entidades en materia de TIC e transformación dixital da administración local, co fin de obter novos recursos económicos e de aproveitar mellor os fondos dispoñibles e os medios cos que conta cada unha das institucións, dado o interese mutuo nos devanditos ámbitos e o interese xeral por mellorar todos os servizos que prestan aos cidadáns da Coruña.

V.- Que a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña levan moitos anos destinando fondos económicos a accións en materia de TIC e transformación dixital e teñen previsto seguir facendo novos investimentos nos vindeiros exercicios. Que hai prevista na cidade da Coruña unha iniciativa vencellada coas TIC e a creación dun polo tecnolóxico especializado en TIC, vinculado á Universidade da Coruña, nos que ambas as entidades tamén están a participar, e consideran que sería positivo apoiar as ditas iniciativas e investir nas mesmas mediante os seus propios proxectos tecnolóxicos, posto que, ademais de cumplir cos seus obxectivos, poden impulsar e beneficiar a administración local, xerando e obtendo sinerxias.

VI.- Que, partindo da base de que os novos fondos europeos do plan de recuperación estatal, así como os do próximo marco ou período de financiamento europeo, teñen un marcado carácter de "transformación dixital", a propia estrutura do centro que se proxekte debe permitir a orientación cara a captar os devanditos fondos e a xestionalos adecuadamente.

VII.- Que aínda que a maioría das accións do centro consisten en actuacións que, con case total seguridade, a Deputación Provincial e o Concello da Coruña poderían abordar igualmente a moi longo prazo, ao compartir proxectos e sinerxias e ao usar o financiamento externo comunitario, aceleraríase a execución das devanditas iniciativas e a profundidade das mesmas, pois a maior parte delas poden compartirse e

desenvolverse de maneira coordinada e convinta entre varias entidades da administración.

VIII.- Nesta relación interadministrativa de cooperación, ambas administracións asumen competencias compartidas de cara ao seu respectivo desenvolvemento tecnolóxico, de conformidade co previsto no artigo 25 da Lei reguladora das bases do réxime local (para os municipios, en particular no seu apartado 25.2 letra ñ), e no artigo 36 da mesma lei para as deputacións provinciais, tanto respecto da transformación dixital como na cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social do territorio provincial (apartado 36.1 letra d). Competencias específicas que gardan coherencia e están aliñadas co previsto nos artigos 157 e concordantes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Esta acción colaborativa interadministrativa, canalizada a través da técnica da cooperación (artigo 144 da LRXSP) e formalizada mediante convenio (artigo 140 da LRXSP), ten a preferencia que lle outorga o artigo 57.3 da Lei reguladora das bases do réxime local a esta vía de cooperación, antes da creación de personificacións administrativas. Resulta, por outra parte, consolidada no Real decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do plan de recuperación, transformación e resiliencia, tanto no que se refire aos principios como ás directrices de xestión que se establecen, respectivamente, nos seus artigos 3 e 4.

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña, a través dos seus respectivos servizos tecnolóxicos, para analizar e definir un proxecto convxunto para a posible creación dun Centro de innovación e servizos dixitais orientado á transformación dixital da administración local, co fin de obter como resultado un proxecto TIC concreto como posible candidatura a presentar para a obtención dos fondos económicos do programa Next Generation da Unión Europea, englobados no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia “España Pode”, e dentro do marco España Dixital 2025, da Estratexia Galicia Dixital 2030 e dadigas respectivas Axendas Dixitais e proxectos TIC das entidades participantes.

No texto do convenio quedan definidos o seu obxecto e os dereitos e obrigas das dúas partes.

Segunda.- Actuacións de cooperación

1.- Achega do Concello da Coruña

O Concello da Coruña porá a disposición da Deputación da Coruña e do proxecto os responsables dos equipos humanos dos servizos tecnolóxicos da entidade e o persoal que fose necesario.

2.- Achega da Deputación Provincial da Coruña

A Deputación da Coruña porá a disposición do Concello da Coruña e do proxecto os responsables dos equipos humanos dos servizos tecnolóxicos da entidade e o persoal que fose necesario.

O presente convenio non implica achega económica de ningún tipo por ningunha das partes asinantes.

Terceira.- Principais liñas de traballo

Analizar, avaliar e, no seu caso, definir un proxecto de posta en marcha dun centro nacional de referencia, innovación e servizos dixitais especializado en impulsar a transformación e a modernización da Administración local a nivel estatal e autonómico e, particularmente, no ámbito local da provincia da Coruña.

Avaliar a posible integración do devandito centro na “Cidade das TIC” da Coruña, mediante un acordo de cooperación para a posta en funcionamento e impulso do mesmo entre a Deputación, o Concello e a Universidade da Coruña, e impulsado inicialmente polos fondos Next Generation.

Promover a apertura do devandito centro á incorporación de administracións públicas de ámbito local, autonómico e estatal, de forma que se instauren vías de cooperación que permitan aproveitar as sinerxias dos proxectos, do novo polo TIC e da innovación dixital.

Definir un modelo de cooperación plena entre os actuais equipos de traballo do entorno dixital da Deputación da Coruña e do Concello da Coruña, así como a súa especialización nos procesos e instrumentos necesarios para acadar unha total transformación dixital do escenario local, con proxectos e perfís orientados aos obxectivos de transformación, destacando:

- A modernización administrativa e a mellora da eficiencia, axilidade e calidade nos procesos e servizos dixitais das entidades locais, fomentando a interoperabilidade provincial.
- A ciberseguridade no ámbito da Administración local e na súa relación coa cidadanía.
- O deseño, implantación e evolución de solucións tecnolóxicas propias partindo das que xa están operativas (SUBTEL, TEDEC, Arquivo Electrónico Provincial, etc.) ou en proceso de desenvolvemento (plataforma dixital do Concello, tarxeta Millennium, aplicación cidadá, etc.), segundo os plans de cada entidade, baixo un modelo de código propio e aberto.
- A definición e seguimento da estratexia TIC da Administración local.
- A posible integración de solucións tecnolóxicas de terceiros para a súa plena aplicación nas entidades locais, e a colaboración con empresas TIC para a implantación de novas solucións para o ámbito local.
- A cooperación, coordinación e impulso do goberno aberto e da inclusión dixital da cidadanía, as pemes e os autónomos.

- A cooperación dixital interadministrativa no ámbito autonómico e estatal.
- A implantación de soluciones de intelixencia artificial e “Big Data” nos procesos de xestión da esfera local.
- A implantación da tecnoloxía e das soluciones de “Blockchain” e “Smart Contracts” nos procesos de xestión do ámbito local.
- A mellora na xestión e goberno dos datos locais.
- O impulso das infraestruturas das telecomunicacións locais como habilitadoras necesarias para os servizos dixitais.
- A vixilancia e observatorio permanente das diferentes tecnoloxías e a súa aplicación no ámbito local con proxectos de referencia.
- A integración do Centro na Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo da Deputación e a coordinación cos centros de “coworking” xa existentes, tanto no Concello da Coruña como no resto da provincia, contribuíndo ao seu apoio, seguimento e asistencia técnica xeral e tecnolóxica para impulsalos e afianzalos no tempo.
- O impulso, captación e xestión de proxectos de transformación dixital dentro do marco europeo de financiamento (2021-2027).
- A creación dun espazo de demostración e experimentación en tecnoloxías disruptivas no ámbito local.
- A elaboración de programas para favorecer o crecemento do sector TIC provincial e de fomento da cohesión económica e social, reducindo a fenda dixital.
- Os programas de capacitación dixital do persoal público.
- Os programas de formación destinados a elevar o coñecemento por parte da ciudadanía dun uso seguro das TIC.
- Os proxectos e eventos destinados a socializar as TIC e a súa utilización entre a poboación, facéndoa partícipe e facilitando o uso intensivo pola mesma.

Cuarta.- Resultados da cooperación

De conformidade co establecido no artigo 49.c) da Lei 40/2015, os resultados obtidos como consecuencia do desenvolvemento deste convenio serán titularidade de ambas as dúas administracións asinantes, serán compartidos e postos a disposición de ambas entidades e das demais que se vaian adherindo.

Quinta- Alcance e difusión do convenio

A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre as persoas externas que poidan colaborar nas actividades necesarias para o seu desenvolvemento e a Deputación Provincial da Coruña ou o Concello da Coruña, de tal modo que non se poderá esixir a estas entidades ningún tipo de responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

A Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña fixarán as accións de comunicación e difusión dos contidos e accións comprendidas no presente convenio, así como a súa presentación pública, a través dos seus respectivos gabinetes e responsables de comunicación.

O texto do convenio, unha vez asinado, será publicado nas respectivas sedes electrónicas de ambas as dúas entidades.

Sexta- Vixencia e modificación

O presente convenio de cooperación terá unha vixencia de catro anos, contado a partir da data da súa sinatura, salvo denuncia expresa de calquera das partes cunha antelación mínima de tres meses á data do seu vencemento.

En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, os asinantes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

A modificación do texto do convenio requirirá acordo unánime dos asinantes.

Sétima.- Extinción do convenio

De conformidade co establecido no artigo 51 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o presente convenio extinguírase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo inicial de vixencia de catro anos do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requerimiento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requerimiento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requerimiento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e se entenderá resolto o convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Oitava.- Confidencialidade. Garantías técnicas.

As partes garantirán a plena confidencialidade dos datos e a información obxecto deste convenio, en particular a referida a datos de carácter persoal, de conformidade co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre

circulación destes datos, e obríganse a estableceren os mecanismos técnicos e informáticos necesarios e convenientes para evitar o uso indebido dos mesmos, así como a súa consulta ou copia non autorizada, fixando procedementos, métodos e controis apropiados. Os prestadores de servizos de certificación admitidos deberán cumprir ademais as obrigas da Lei 59/2003 de 19 de decembro, de sinatura electrónica.

Novena.- Natureza do convenio

1. O presente convenio ten carácter interadministrativo, en virtude do establecido no artigo 47.2.a) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e os seus efectos se rexen polo establecido nas súas cláusulas, na citada Lei 40/2015 e demais normativa de aplicación.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Décima.- Control da execución do convenio


Constituirase unha Comisión de seguimento, vixilancia e control da execución do presente convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes, en virtude do establecido no artigo 49. f) da Lei 40/2015. A devandita comisión estará integrada por dous representantes de cada unha das institucións e resolverá os problemas de interpretación e cumplimento que poidan xurdir respecto do convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución da Presidencia número 13412 de 8 de abril de 2021 e por Resolución da Alcaldía de data 28 de abril de 2021.

É, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

A ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DA CORUÑA

Asdo.: Inés Rey García



O PRESIDENTE DA DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo.: Valentín González Formoso

A SECRETARIA ACXTAL.,

Asdo.: Amparo Taboada Gil



